



# **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2015**

## **SESIÓN Nº 3/2015**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE**

Moisés Rodríguez Pérez

#### **CONCELLEIROS/AS**

##### **GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Vanesa Rodríguez Pereira.  
Dorinda Olga Montes Moldes.  
Marcelino Cendón Vázquez.  
Manuel González Vázquez.  
Jose Angel Villaverde Rocha.  
Ángel Gutiérrez González  
Raquel Lorenzo Pimentel.  
Antonio Castro Negro

##### **GRUPO MUNICIPAL ATT**

Miguel Angel Capón Rey  
María Beatriz Fernández García  
Telmo González Ramos

##### **GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González  
Carmen Paula Gómez Pérez

##### **GRUPO MUNICIPAL BNG**

Laureano Alonso Álvarez  
José Martínez Tato

##### **GRUPO MIXTO**

Carlos Vázquez Padín

#### **SECRETARIA**

Irene Suárez López

#### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

#### **AUSENCIAS NON XUSTIFICADAS:**

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinteseis de marzo de dous mil quince, reúnen os/as Sres./as. Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, Moisés Rodríguez Pérez. Asiste a Secretaria da corporación, Irene Suárez López. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Tras acreditar a existencia de *quórum* necesario para o inicio da sesión, o Sr. Alcalde, da por iniciada a mesma procedendo a tratar o primeiro punto da orde do día.

## **ORDE DO DÍA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS Nº 1/2015, DE 29 DE XANEIRO, ORDINARIA, E Nº 2/2015, DE 5 DE FEBREIRO, EXTRAORDINARIA.**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde comeza preguntando ós Sres. Concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión nº 1/2015, de 29 de xaneiro, ordinaria.

**Sometida a votación a acta da sesión nº 1/2015 de 29 de xaneiro, ordinaria, é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

De seguido o alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión nº 2/2015, de 5 de febreiro, extraordinaria.

**Sometida a votación a acta da sesión extraordinaria nº 2/2015, de 5 de febreiro, extraordinaria, é aprobada por quince ( 15) votos a favor e dúas ( 2 ) abstencións dos concelleiros Marcelino Cendón Vázquez e Carmen Paula Pérez Gómez, por non atoparse presentes na sesión.**

**2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO DO CONCELLO DE TUI.**

A Secretaria da lectura ao ditame da comisión informativa que literalmente di:

***PROPOSTA DE ALCALDÍA.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO DO CONCELLO DE TUI.***

*En sesión plenaria ordinaria celebrada o 30/05/13 acordouse, entre outros, aprobar definitivamente o Inventario xeral de bens e do patrimonio municipal do solo do Concello de Tui.*

*Unha vez aprobado definitivamente, presentáronse diversos recursos de reposición e/ou alegacións contra a aprobación definitiva; alegacións e/ou recursos para cuxa resolución se lle solicitou informe ao equipo redactor do inventario, a mercantil Calixto Escariz SLU.*



*Á vista do anterior, de conformidade co establecido no informe de Secretaría de 9 de marzo de 2015 e tendo en conta que, segundo o previsto no o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se procederá á rectificación anual do inventario, reflectíndose nel as vicisitudes de toda índole, sendo o órgano competente para a rectificación o Pleno da Corporación, de conformidade co previsto no art. 34 do Regulamento xa citado; é polo que, esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** *Levar a cabo as rectificacións recollidas no ANEXO I deste acordo, de conformidade cos informes emitidos polo equipo redactor do mesmo*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo aos alegantes, cunha copia do informe-proposta, xunto coa ficha modificada, emitido pola empresa redactora, en relación ás rectificacións arriba recollidas.*

**TERCEIRO.-** *Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Secretaría e Intervención municipais.*

**Asemade, e en cumprimento do disposto no art. 97.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 e novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, transcribese a continuación o voto particular de proposta de modificación do ditame presentado polo BNG:**

*Tendo en conta os informes obrantes no Expediente tanto da Secretaría Municipal coma do bufete encargado da elaboración do Inventario, nos que se fai constar que non se acredita sobradamente a titularidade da parcela IP 0001 "Terreo e escola de Pexegueiro Viñal e tamén tendo en conta que non queda claro nin o lindeiro polo Norte nin a propia superficie da parcela, este grupo municipal propón a non aprobación desta modificación do Inventario de Bens e pide que este asunto quede enriba da mesa ata que teñamos os informes pertinentes que aclaren estas posibles irregularidades. Pedimos que se vote a paralización de todo este proceso de modificación ata que teñamos a certeza mediante os informes pertinentes de que a parcela sobre a que se vai a votar se corresponde coa real, cos lindeiros e a medición axustada*

De seguido intervén o **Alcalde** que di que cre que está ben claro e saben que hai algunha discrepancia, pero consideran que o importante é a aprobación, máxime tendo en conta que o inventario anterior era de 1978 e que sempre é susceptible de rectificación.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que considera que é un asunto que ten a súa importancia, mais que nada porque calquera concello que queira funcionar ben debería ter un inventario actualizado e lamenta que non se actualizase dende o ano 1978, porque ao final sae mais caro. Indica que o seu grupo vai a votar a favor, aínda sabendo dos erros e omisións do documento, porque cren que é unha ferramenta importante.

A continuación ten a palabra o concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** que di que cre que deben ser responsables e sobre todo o BNG debe ser consecuente co traballo rigoroso que leva facendo todo o mandato. O concelleiro di que, evidentemente, fíanse tanto do equipo redactor do inventario, como da secretaria municipal, pero queren plantexar unha serie de dúbidas sobre o tema da parcela de Pexegueiro, e para tomar unha decisión xusta consideran que o mellor é que o tema quede enriba da mesa, porque cren, ademais, que é un tema que terá consecuencias legais e de aí o seu voto particular.

O **Alcalde** di que non sabe que interpretación fixo o BNG dos informes que están na carpeta, pero di que o único que din os informes é que hai que facer unha medición e nada sobre os lindeiros que haxa que modificar.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que dende o PSdG-PSOE cren que habería que abordar unha cuestión previa e é que, cando se fai un inventario, o lóxico é que se faga informando aos veciños e di que, si se tivese feito así, non o estarían rectificando agora. O concelleiro di que, en todo caso, van a votar a favor, porque o que pasa en Pexegueiro non ten que ver co resto do inventario e queren recordar que calquera decisión é susceptible de ser recorrida se alguén ve conculcados os seus dereitos.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que do qué se trata é de que algo que estaba erróneo no inventario se corrixa e se cambie a titularidade; di tamén que quere recordar que o seu grupo sempre foi partidario de que aqueles bens que están nas parroquias e non son de necesidade pública deberían subhastarse e investirse nas propias parroquias. En todo caso, di que o informe de secretaría apórtalles seguridade xurídica, pero indica que van a absterse porque lles parece axeitada a posición prudente do BNG.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** considera moi acertada a intervención do concelleiro Miguel Capón Rey e quere que quede claro que o BNG non está en contra de ninguén, so defenden a legalidade e queren que quede sobre a mesa, porque o espazo vai a seguir estando aí e o tema da titularidade é anecdótico, é mais importante que se transfira con todas as garantías.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** considera que o pleno é un órgano decisorio de carácter político, pero de aí a converterse nun órgano xurídico vai un camiño moi longo, di que hai uns informes xurídicos favorables no expediente e que, polo tanto, o seu grupo vai a votar a favor.

O **Alcalde** di que por parte do seu grupo tamén van a votar a favor, tendo en conta os informes do equipo redactor e de secretaría que obran no expediente.

**Sometido a votación o voto particular é rexeitado por dous ( 2 ) votos a favor dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato, nove ( 9 ) votos en contra dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel e seis ( 6 ) abstencións dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín.**

**Sometido o asunto a votación e por doce ( 12 ) votos a favor dos concelleiros do PP, Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel e dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín, dous ( 2 ) votos en contra dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros de ATT, Miguel Capón Rey, María Fernández García e Telmo González Ramos, adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Levar a cabo as rectificacións recollidas no ANEXO I deste acordo, de conformidade cos informes emitidos polo equipo redactor do mesmo



**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos alegantes, cunha copia do informe-proposta, xunto coa ficha modificada, emitido pola empresa redactora, en relación ás rectificacións arriba recollidas.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Secretaría e Intervención municipais.

**3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE REQUIRIMIENTO AO LICITADOR QUEU PRESENTOU A OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO EN BAIXA TENSIÓN DOS DISTINTOS PUNTOS DE CONSUMO ELÉCTRICO DO CONCELLO DE TUI.**

A Secretaria da lectura ao ditame da comisión informativa que obra no expediente e que, literalmente, di:

**PROPOSTA DE ACORDO**

***REQUIRIMENTO AO LICITADOR QUE PRESENTOU PROPOSTA MÁIS VANTAXOSA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO EN B.T. DOS DISTINTOS PUNTOS DE CONSUMO ELÉCTRICO DO CONCELLO DE TUI.***

*Con data 6 de marzo de 2015 a Mesa de Contratación para o subministro eléctrico en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui, en acto público, procedeu á apertura do sobre B) "Proposta económica e documentación cuantificable de forma automática" e acorda solicitar informe-valoración ao enxeñeiro-técnico industrial membro da Mesa.*

*Emitido informe-valoración polo técnico, a Mesa de Contratación realizada o día 12 de marzo do actual acorda:*

*"1º.- Outorgar as seguintes puntuacións totais: :*

<i>EMPRESA</i>	<i>PUNTUACION TOTAL</i>
<i>AURA ENERGIA, SL</i>	<i>30,6185</i>
<i>SOCIEDAD ELECTRICISTA DE TUI, S.A.</i>	<i>29,7570</i>

*2º.- Propoñer á empresa **AURA ENERGÍA, SL**, CIF **B65552432**, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en avda. Barcelona, nº 109, 3ª planta D, 08970 Sant Joan Despí (Barcelona), que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos indicados na declaración responsable presentada, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro, e que non se aportasen no sobre A "Documentación Administrativa".*

*De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación e aos efectos do artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLRSP) e Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:*

*REQUIRIR á empresa " AURA ENERGÍA, SL" , CIF B65552432 , con enderezo en avda. Barcelona, nº 109, 3ª planta D, 08970 Sant Joan Despí (Barcelona), como licitador que presentou a proposta máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de "Subministro eléctrico en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui", que presente a seguinte documentación :*

- *Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social , Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 64 do TRLCSP.*
- *Presentar a documentación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A "Documentación administrativa", que se xustificou mediante declaración, aspectos que se indican na cláusula 8ª deste prego, así como certificado de cobertura de póliza de responsabilidade civil, actualizado á vixencia do contrato.*

*(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).*

*O prazo de presentación será de dez días hábiles a contar dende o seguinte da recepción do presente requirimento.*

De seguido o Alcalde cede a palabra ao concelleiro delegado de alumeadado público, **Jose Angel Villaverde Rocha**, quen di que cre que están dando un paso importante, despois de moitos anos, e rematan así un proceso de contratación que comezou en xullo de 2014, quedando pendente facer unha auditoría dos puntos de luz do concello. Tamén quere resaltar que coa licitación do servizo evitarán un dos maiores reparos de intervención e cre, en definitiva, que é un paso adiante.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que consideran que é un asunto de grande importancia, sobre todo porque licitar os servizos permite baixar o gasto corrente, os gastos máis elevados e que gozan de estabilidade, ao contrario do que ocorre cos investimentos. O concelleiro di que, o único que non lles gusta é ter que esperar tanto, xa que cren que hai que ser respectuosos cos cartos dos contribuíntes; tamén ven que a empresa non é de Tui, pero está claro que hai que adxudicar ao mellor postor e so desexa que a próxima empresa sexa de Tui, porque sexa capaz de axustar o prezo, o que parece lóxico si se presta o servizo dende aquí.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que sobre o tema do subministro da enerxía eléctrica hai moito que dicir, el como representante do BNG leva anos reclamando que se licite o servizo, e xa o facía cando o alcalde era o pai político do actual, a quen xa lle dicía o de "*tangere in eremo*", que non lle gustaba nada.

O **Alcalde** di ao concelleiro que se deixe de chistes que están nun pleno.

O concelleiro pide ao alcalde que non lle interrompa e continúa recordando que xa lle dicía ao predecesor do alcalde iso de *tangere in eremo*, porque non se licitaba nada, e logo chegou o actual alcalde que, ao seu parecer, leva catro anos de brazos caídos e no último pleno do mandato trae ese asunto. Por outro lado di que hai un dato que non ten que é o do aforro que se consegue, que non llo deron por estratexia política, pero aínda así sabe que o concello gastou 700.000 € no exercicio anterior nese servizo.

O **Alcalde** di ao concelleiro que foron 629.000 €



O concelleiro di que mais ou menos, e en todo caso cre que o alcalde deberá aclarar o que se aforra, porque é algo que gañan para investimentos e quere lembrarlle que xa o BNG, no ano 2012, levaba entre as súas propostas a de licitar ese servizo, ademais que xa co plan E se fixeran varios proxectos de aforro enerxético, que tamén propuxo o BNG. Di ademais que o equipo de goberno segue tendo moitos servizos sen licitar, como o da limpeza viaria e seguen sen ter empresas no viveiro que fixeron porque non foron nin capaces de redactar unha ordenanza para os usos; o concelleiro di que agora xa non lles queda tempo e estiveron catro anos sen facer nada.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que, aínda que con retraso, deben felicitar-se porque se atendera esa licitación e recorda que, xa no ano 2012, o seu grupo político pedira que se licitara ese servizo e outros. Cre tamén que a licitación debería ir acompañada doutras medidas de aforro enerxético, xa que, nese ámbito, cre que fixeron pouco.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que se congratulan de que se levara a cabo a licitación, pero preguntánselle tamén cal é o volume do aforro, porque á par que ten cousas positivas, tamén é certo que ten cousas negativas, toda vez que a eléctrica de Tui ten contribuído a fins sociais e considera que haberá que ver se o concello pode suplir esas esponsorizacións. Por outro lado quere recordar que o gasto corrente é excesivo, pero non so polo que se refire ao subministro de enerxía eléctrica, senón tamén polo que se refire ao gasto de gasóleo, telefonía, ou publicidade e propaganda, servizos que di que tamén hai que licitar.

O **Alcalde** intervén para dicir que se nota que debeu ir todo moi ben, porque lle faláron de todo menos da enerxía eléctrica, pero falando da luz, efectivamente di que están ante un proceso que comezou en xullo de 2014, que es publicou no DOCE e non se aprobou un prego para ir en contra da eléctrica de Tui, que cumpriu perfectamente o seu cometido ata o momento, senón o prego que había que aprobar. O Alcalde explica que o aforro é dun 31,62%, un aforro moi importante e aclara tamén que o contrato terá unha duración dun ano, prorrogable por outro, están falando en cantidade neta de 174.700 € de aforro. Di tamén que cando licitan e ven xente de fora, logo queixanse, pero considera que as empresas de Tui deberían ser competitivas. E, en canto á referencia que fixo o concelleiro Laureano Alonso Álvarez sobre o viveiro de empresas que se fixo na escola de Randufe, que rehabilitaron, quere dicirlle que hai empresas interesadas.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que a Sociedade Electricista de Tui gañará agora, pero menos, e cre que o tema do aforro está moi ben, pero tamén cre que esa mentalidade de aforro hai que tela con todo, non so con algún contrato, por exemplo co que fixo o alcalde co tema do consorcio, ademais que cre que o alcalde se contradeciu cando dixo que había que licitar a ao tempo ver a forma de que os contratos quedasen en Tui.

O **Alcalde** di que non dixo iso, que o que dixo é que as empresas de Tui teñen que ter prezos competitivos para quedar cos servizos.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que está realmente cabreado, porque levan nove anos pedindo que se licite ese servizo e dan o dato no Pleno do que se aforra, que calculando ve que dilapidaron en catro anos 800.000 € que non sabe como poden explicar iso á cidadanía, como saen á rúa sabendo iso, pide, por favor, que o expliquen, cre que non teñen vergonza, esquilmando aos cidadáns cun gasto innecesario, tendo en conta que teñen o exemplo de Valença, que gasta menos.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que quere reiterar o xa dito antes, naquel documento de 2012, do seu grupo político municipal, no que xa pedían a licitación do servizo, como tamén

pediron que se licitase o servizo de telefonía e se puxese un sistema de voz IP, algo que si se fixo en Tomiño e, en definitiva cre que si se aceptaran as súas alegacións, parte dese debate sería baldío. En canto ao tema de se as empresas adxudicatarias son ou non de Tui considera que non ten maior relevancia, tendo en conta que é un procedemento de concorrència competitiva, allea ás labores de esponsorización que non obriga ao concello a dar un trato especial.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que el non dixo que a SETA fose a gañar mais, senón que tería que repartir beneficios coa comercializadoras, e pregúntase tamén que terá que ver a escola de Randufe que mencionou o alcalde co subministro de enerxía eléctrica.

O **Alcalde** di que lle estaba contestando ao voceiro do BNG.

O concelleiro di que se estaba falando de gasto corrente e o que quere é que lle confirmen que ese aforro, que dixo o alcalde, é esa cantidade.

O concelleiro delegado de alumado público, **Jose Angel Villaverde Rocha** confirma que o aforro, e engade que o tema da esponsorización é un tema alleo ao concello e considera pouco acertado ameazar con iso ao concello. E, por último, quere dicir que Valença gasta mais que Tui.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que citou Valença porque aforra apagando luces, en todo caso quere que quede claro que en catro anos non se preocuparon diso e terán que explicarllo aos veciños.

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

REQUIRIR á empresa " **AURA ENERGÍA, SL** " , **CIF B65552432** , con enderezo en avda. Barcelona, nº 109, 3ª planta D, 08970 Sant Joan Despí (Barcelona), como licitador que presentou a proposta máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de "Subministro eléctrico en B.T. dos distintos puntos de consumo eléctrico do Concello de Tui", que presente a seguinte documentación :

- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social , Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 64 do TRLCSP.
- Presentar a documentación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A "Documentación administrativa", que se xustificou mediante declaración, aspectos que se indican na cláusula 8ª deste prego, así como certificado de cobertura de póliza de responsabilidade civil, actualizado á vixencia do contrato.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).

O prazo de presentación será **de dez días hábiles a contar dende o seguinte da recepción do presente requirimento.**

**Sendo as 21:18 minutos abandona a sesión momentaneamente o Alcalde, pasando a asumir a presidencia o primeiro tenente de Alcalde, Jose Angel Villaverde Rocha.**



**4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2015 FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

A Secretaria da lectura ao ditame da comisión informativa que obra no expediente e que, literalmente, di:

**PROPOSTA DE ALCALDÍA****ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2015 FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

*Incoado o expediente de crédito extraordinario número 1/2015, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar unha serie de gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte sen merma do cumprimento das obrigas esixibles ó Concello, e sen producir un maior prexuízo ós acredores derivados da demora no recoñecemento das obrigas e posterior pagamento.*

*Emitido informe de Intervención con data 9 de marzo do 2015, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, , propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO:** *Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2015, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 37.148,15 € de acordo co seguinte detalle:*

**I.- GASTOS:****Habilitación: Partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

<b>RESUME XERAL PARTIDAS RC 1/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>				
<b>PARTIDA</b>		<b>CONCEPTO</b>		<b>IMPORTE</b>
132	22002	99	Seguranza e orde pública-Material informático non inventariable	637,31 €
132	62300	99	Seguranza e orde pública-Maquinaria, Instalacións e utillaxe	688,00 €
132	62500	99	Seguranza e orde pública-Mobiliario	311,15 €
132	62901	99	Seguranza e orde pública-Outros investimentos	27.935,26 €
161	20900	99	Abastecemento domiciliario de auga,... - Cánones	5.155,76 €
221	22799	99	Outras prestacións económicas – Outros traballos realizados por outras empresas	2.300,48 €
920	22604	99	Servizos de carácter xeral – Xurdídicos, contenciosos	120,19 €
<b>TOTAL</b>				<b>37.148,15</b>

**TOTAL (HABILITACIÓN.....)37.148,15**  
€

*II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:*

<b>PARTIDA</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	37.148,15 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>37.148,15 €</b>

*III) RESUMEN:*

<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
1.-Total crédito extraordinario .....	37.148,15 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	37.148,15 €
3.- Financiación igual a	37.148,15 €
habilitación.....	

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 1/2015), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que é un trámite que amosa a mala xestión do equipo de goberno, e onde se ven os gastos sen crédito, como o tema das sinais e de diversas obras; di que é evidente que hai dous concelleiros que van por libre, ao marxe do orzamento, e tamén se unha reiteración nas empresas, contratacións a dedo para usar o remanente de tesourería é algo que di que non debería facelos estar orgullosos. O concelleiro di que, por outro lado, non é bo estar endebedado, pero tampouco o é ter catro millóns de euros en tesourería.

**Sendo as 21:23 minutos incorpórase novamente o alcalde á sesión.**

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** continúa dicindo que o que si está claro é que a nova corporación terá un amplo marxe de manobra e so agarda que teñan sentidiño para gastalo.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que están en marzo de 2015, o equipo de goberno ten maioría absoluta e aínda non trouxeron o orzamento do exercicio, e cre que a cidadanía ten que saber porqué o concello de Tui con maioría absoluta non é capaz de traer o orzamento, máxime cando di que, entre todos, están a cobrar 300.000 € pregúntase para que serve todo iso e para que viñeron ao



concello, cre que hai poucos gobernos que o fixeran tan mal e non tivesen ningún proxecto. Di que, ademais de non ter orzamento, seguen como moi poucos investimentos e para mais traen dous recoñecementos extraxudiciais de crédito. E o que lle chama a atención deste recoñecemento son os gastos de seis mil euros en seguranza, cre que o concelleiro delegado de Facenda, Marcelino Cendón Vázquez non se ocupou de resolver iso, evitar que o concelleiro Angel Gutierrez González faga eses gastos, máxime cando logo están todos os pasos de peóns sen pintar. Porque di que, o outro expediente aínda, pero o que están debatendo ten gastos moi sospeitosos, polo que non sabe que fixo o concelleiro delegado de Facenda ao respecto, e pide que llo explique á cidadanía e que controle o que está pasando.

O **Alcalde** di ao concelleiro que leva co mesmo discurso toda a vida, e se cre que hai facturas sospeitosas pídelles que diga as dúbidas que ten e van xuntos a denunciálo.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que leva traballando once anos polo interese xeral, dende a oposición, que é onde o quixeron os cidadáns.

De seguido intervén o concelleiro **Enrique Cabaleiro González** que di que a elaboración do orzamento ten un prazo, e ese prazo non se cumpriu, e aí é onde comezan os problemas, ademais que sempre fixeron uns orzamentos moi pouco participativos, tanto polo que se refire aos cidadáns, como polo que se refire aos propios concelleiros. O concelleiro di que, claro que hai gastos imprevistos, pero hai concellerías con gastos estables e o alcalde recriminou ao concelleiro Laureano Alonso Álvarez que teñan dúbidas sobre as facturas e di que el tamén as ten, porque gustaríalle saber porqué o concelleiro Angel Gutiérrez González ten facturas continuadas da súa área, en recoñecementos extraxudiciais de crédito, sobre cuestións que deberían estar planificadas, algo que polo que se ve non se fai, de aí que lle esixa unha explicación ao concelleiro directamente.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que el o primeiro que lle gustaría saber é quen encargou eses servizos e quen asinou as facturas ( da lectura ás facturas do listado da mercantil Barreras de Seguridad), porque están falando de 30.000 €e o que lle interesa saber é que, como son todas facturas do ano 2014, e como xa teñen todas horas de voo, cre que están equivocando os dardos contra o concelleiro delegado de Facenda, Marcelino Cendón Vázquez, porque o orzamento traese a proposta do alcalde e, polo tanto o responsable é o alcalde. Dito o anterior pregunta outra vez quen asinou as facturas.

O **Alcalde** di que foi o concelleiro Angel Gutiérrez González.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que, sendo así, se ao alcalde lle queda algo de coraxe, debería cesar ao concelleiro Angel Gutiérrez González, porque o que fai non ten perdón de deus, están falando de que no mes de agosto xa non tiña crédito e enriba sen pagarlle a tempo aos provedores, cre que o concelleiro fixo eses gastos ao seu libre albedrío e ademais pode estalo facendo neses intres e nos próximos dous meses, ata que haxa eleccións, como o alcalde non o corte cesándoo, cre que é unha vergoña que estean pasando esas cousas.

Neste punto o alcalde cede a palabra ao concelleiro **Angel Gutiérrez González** quen di que o gasto non é estable, xa que está sometido ás peticións dos veciños e dos pedáneos e nunca se sabe se van facer falta dez ou douscentos espellos, ademais di que, en canto ao tema das sinais, deben encargalas cun período moi curto de tempo, porque se necesitan e iso escapa tamén ao seu control. E, en canto á empresa que os concelleiros da oposición nomean constantemente, cando el chegou ao concello xa estaba e quere dicir que é unha empresa seria que responde moi ben. Di que tampouco o gasto de seguridade para a policía é un gasto estable, porque soen pasar feitos que obrigan a tomar decisións

drásticas e reconece que ten equipado á Policía Local e está moi orgulloso de que sexa unha das mellores equipadas de Galicia.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que se poden non prever catorce ou quince espellos, pero non o número de facturas que presenta o concelleiro, que ademais aparecen en todos os recoñecementos extraxudiciais, e resulta que enriba o pleno aprobou a creación dun plan de sinalización, algo que é mais serio, que facer que os veciños e os pedáneos anden de *correvedile*, polo tanto súmase aos que piden que non se siga facendo iso, máxime con ese plan aprobado. E pide ao concelleiro Angel Gutiérrez González que non sexa demagogo co tema da policía local, porque eses gastos tamén os podería ter previsto no orzamento, porque que lle está dicindo, que se lle ocorreron sobre a marcha eses gastos, porque entón pouca capacidade de xestión ten o concelleiro.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di ao concelleiro Angel Gutiérrez González que parece que chegou antesdonte aTui, que parece agora que están nunha situación prebélica e hai que equipar a marchas forzadas á Policía Local, cando hai outros corpos e forzas de seguridade do Estado que están para velar pola seguridade pública, e que a Policía Local ande con casco, produce ata risa e enriba hai ata unha petición deste corpo de que se lles dote de armas tipo dous, como mira telescópica, como si tiveramos unha ameaza terrorista, e cre que o concelleiro Angel Gutiérrez González debería mirar iso. O concelleiro continúa dicindo que o grave do tema é que os gastos de mais de mil euros hai que licitalos e o concelleiro Angel Gutiérrez González sáltase esa norma porque lle da a gana e hai tanto que atender que gasta en seguranza e ten os pasos de peóns sen pintar e está moi ben que equipe á policía local, pero quere recordarlle que durante un tempo tiveron que patrullar nunha furgoneta branca do concello, por ter todos os vehículos averiados. E ao concelleiro de facenda gustaríalle dicirlle que cando a un non lle fan caso, ten dúas opcións, ou votar en contra, ou irse e insiste, para rematar, que é gravísimo non ten aínda aprobado o orzamento, ademais de recordarlle ao concelleiro Angel Gutiérrez González que cando foi en persoa a pedir orzamento duns bolardos, ofrecíanllos vinte euros mais baratos que ao concello e pídelles que mida ben as súas palabras, porque os documentos calan bocas.

O concelleiro **Angel Gutiérrez González** intenta intervir.

O **Alcalde** di ao concelleiro que faga o favor de pedir a palabra cando queira intervir, como fan o resto de concelleiros e que, como non o faga, non dubidará en botalo do Pleno.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** pide ao alcalde que non se poña tan agresivo e recorda que todo isto do que están falando leva tendo acontecendo sen que se teña adoptado solución algunha.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que o concelleiro Angel Gutiérrez González falou de que o gasto era inestable, pero non ten unha previsión de partida para equipar á Policía Local, algo que debería ter feito xa dende 2011 e o mesmo co tema das sinais, si tivese un plan de sinalización, non lle pasaría iso. O concelleiro lembra que o seu grupo político municipal solicitoulle unha nova ordenanza de tráfico e non a redactou, cando solucionaríase moitos dos problemas actuais, e tamén o tema das facturas, que é algo reiterado todo o mandato.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que o concelleiro Angel Gutierrez González fixo unha exposición centrada no gasto da Policía Local, cando iso ascende a 1.500 € dos 30.000 € do recoñecemento extraxudicial de créditos e por riba citou o caso da policía que faleceu en Vigo, cando iso foi o 28 de novembro e as facturas dos chalecos son anteriores e di que o concelleiro di que sabe que debe iso e aínda así non trouxo a factura a tempo e o que o que ocorre é que o concelleiro de Tráfico non aprendeu nada neste tempo, motivo polo cal logo instarán ao alcalde a que o cese, porque son



reiteradas este tipo de historias e durante os dous meses que quedan o concelleiro delegado de Tráfico vai a continuar facendo clientelismo para volver a sentarse aí, colocando espellos e sinais sen un plan.

O **Alcalde** considera que é un tema que está claro e é certo que o concelleiro incumpriu o procedemento, pero tamén que hai que pagar aos provedores.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** pide a palabra para felicitar ao concelleiro Marcelino Cendón Vázquez pola súa valentía.

**Sometido o asunto a votación é por oito ( 8 ) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel, tres ( 3 ) votos en contra dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín e seis ( 6 ) abstencións do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos e dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2015, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 37.148,15 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

**Habilitación: Partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

RESUME XERAL PARTIDAS RC 1/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO			
PARTIDA		CONCEPTO	IMPORTE
132	22002 99	Seguranza e orde pública-Material informático non inventariable	637,31 €
132	62300 99	Seguranza e orde pública-Maquinaria, Instalacións e utillaxe	688,00 €
132	62500 99	Seguranza e orde pública-Mobiliario	311,15 €
132	62901 99	Seguranza e orde pública-Outros investimentos	27.935,26 €
161	20900 99	Abastecemento domiciliario de auga,... - Cánones	5.155,76 €
221	22799 99	Outras prestacións económicas – Outros traballos realizados por outras empresas	2.300,48 €
920	22604 99	Servizos de carácter xeral – Xurdídicos, contenciosos	120,19 €
<b>TOTAL</b>			<b>37.148,15</b>

**TOTAL**  
**(HABILITACIÓN.....37.148,15 €**

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
---------	--------------	-----------

870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	37.148,15 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>37.148,15 €</b>

### III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	IMPORTE €
1.-Total crédito extraordinario .....	37.148,15 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	37.148,15 €
3.- Financiación igual a habilitación.....	<b>37.148,15 €</b>

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 1/2015), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

### **5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2015 FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

A Secretaria da lectura ao ditame que obra no expediente e que literalmente di:

#### ***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

#### ***ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2015 FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.***

*Incoado o expediente de crédito extraordinario número 2/2015, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar unha serie de gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte sen merma do cumprimento das obrigas esixibles ó Concello, e sen producir un maior prexuízo ós acredores derivados da demora no recoñecemento das obrigas e posterior pagamento.*

*Emitido informe de Intervención con data 9 de marzo de 2015, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35*



do RD 500/1990, de 20 de Abril, , propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/2015, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 32.374,10 € de acordo co seguinte detalle:

**I.- GASTOS:**

**Habilitación: Partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

<b>RESUME XERAL PARTIDAS RC 2/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>				
<b>PARTIDA</b>			<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
130	13001	99	Admón. xeral de seguridade – Horas extraordinarias	735,40 €
130	15000	99	Admón. xeral de seguridade – Produtividade	1.000,00 €
130	15100	99	Admón. xeral de seguridade – Gratificacións	3.496,78 €
130	16008	99	Admón. Xeral de seguridade – Asistencia médico-farmacéutica	440,26 €
132	21300	99	Seguridade e orde publica – Maquinaria, instalacións e utillaxe	359,37 €
132	21400	99	Seguridade e orde pública - Material de transporte	260,21 €
132	62901	99	Seguridade e orde pública – Outros investimentos	6.006,49 €
150	13001	99	Admón. Xeral urbanismo,... – Horas extraordinarias	462,68 €
150	16008	99	Admón. Xeral urbanismo,... – Asistencia médico-farmacéutica	101,70 €
151	21000	99	Urbanismo – Infraestructura e bs. naturais	2.115,03 €
151	22502	99	Urbanismo – Tributos das entidades locais	21,32 €
151	22799	99	Urbanismo – outros traballos	526,35 €
1621	16008	99	Recollida de residuos – Asistencia médico-farmacéutica	147,50 €
1621	22700	99	Recollida de residuos – Limpeza e aseo	2.261,22 €
170	22799	99	Admón. Xeral do Medio Ambiente – outros traballos	1.000,00 €
221	22799	99	Outras prestacións a favor empregados – outros traballos	685,34 €
231	22799	99	Asistencia social primaria – outros traballos	395,35 €
241	21300	99	Fomento do emprego – Maquinaria, Instalacións e utillaxe	62,44 €
323	22502	99	Ensino preescolar e primaria – Tributos das entidades locais	382,04 €
326	21300	99	Servizos complementarios educación – Maquinaria, Instalacións,..	148,31 €
3321	22000	99	Bibliotecas públicas – Ordinario non inventariable	120,12 €
334	21300	99	Promoción cultural – Maquinaria, instalacións e utillaxe	247,08 €
334	22609	99	Promoción cultural – Actividades culturais e deportivas	2.751,01 €
334	22699	99	Promoción cultural – Outros gastos diversos	75,75 €
336	22706	99	Patrimonio artístico – Estudos e traballos técnicos	217,80 €
341	22300	99	Deportes – transportes	500,00 €
4312	16008	99	Mercados de abastos,... – Asistencia medico-farmacéutica	55,84 €
4312	22502	99	Mercados de abastos,.. – Tributos das entidades locais	205,65 €
454	21000	99	Camiños veciñais – Infraestructura e bs naturais	322,34 €
491	21300	99	Sociedade da información – Maquinaria, instalacións e utillaxe	1.662,54 €



<b>RESUME XERAL PARTIDAS RC 2/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>				
<b>PARTIDA</b>			<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
920	15000	99	Administración xeral – Produtividade	500,00 €
920	16008	99	Administración xeral – Asistencia Médico-farmacéutica	137,11 €
920	22000	99	Administración xeral – ordinario non inventariable	16,84 €
920	22502	99	Administración xeral – Tributos das entidades locais	34,06 €
920	22604	99	Administración xeral – Xurídicos, contenciosos	2.798,97 €
920	22706	99	Administración xeral – Estudos e traballos técnicos	557,14 €
920	23303	99	Administración xeral – outras indemnizacións (tribunais)	624,10 €
931	15000	99	Política económica e fiscal – Produtividade	906,41 €
931	16008	99	Política económica e fiscal – Asistencia médico-farmacéutica	33,55 €
			<b>TOTAL</b>	<b>32.374,10 €</b>

**TOTAL**  
**(HABILITACIÓNS.....32.374,10 €**

**II- FINANCIAMENTO:** *Remanente de tesourería para gastos xerais:*

<b>PARTIDA</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
870 00	Remanente de tesourería para gastos xerais.	32.374,10 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>32.374,10 €</b>

**III) RESUMEN:**

<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
1.- Total crédito extraordinario .....	32.374,10 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	32.374,10 €
3.- Financiación igual a	32.374,10 €
habilitación.....	

**SEGUNDO:** *Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 2/2015), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.*

**TERCEIRO:** *Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.*





Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que votar en contra é votar en contra do provedor, pero cando se ten a certeza de que se están usando os cartos de forma impropia, cre que non queda outra. O concelleiro di tamén que o que sucede é que nese expediente hai un pouco de todo, como horas extras dos traballadores e non é un dilema doado de resolver, pero como o seu voto non é determinante indica que votarán en contra outra vez.

De seguido intervén o concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** quen di que os argumentos son similares, pero hai algunha novidade, como por exemplo o pago de horas extras á Policía Local por importe de 3000 € cando xa veñen tempo advertindo que o Interventor repara esas horas extras porque sobrepasan as oitenta horas ao ano, e consideran que é unha política errónea que se mantén. Di tamén que hai outra factura que cre que pode ser relativa ao Festimiño e que levan anos anos denunciando a situación e el e o alcalde xa non estarán no seguinte mandato, aínda que que non estea o alcalde non lle preocupa, porque cre que non aportou nada ao concello. Por último o concelleiro di que o concelleiro delegado de Facenda no punto anterior abstívose o que demostra a división no grupo de goberno e ten que felicitalo, aínda que cre que hai tempo que tería que ter saído fuxindo.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que na votación do punto anterior entende que o concelleiro delegado de Facenda, Marcelino Cendón Vázquez se abstivese, pero quere dicirlle que a responsabilidade é compartida, ao igual que co alcalde e o resto do equipo de goberno, e polo tanto iso debería telo feito dende o inicio e quizais algo máis drástico tamén.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** solicita que lle expliquen a que se debe unha factura de cultura, outra da mercantil Barreras de Seguridad por importe de 6.000 € e unha terceira relativa a unha demanda de José Álvarez.

O **alcalde** di que o tema de demanda é a interposta por un traballador do concello que sufriu unha caída.

O concelleiro **Jose Ángel Villaverde Rocha** aclara que se trata dun recargo que houbo que pagar á Seguridade Social.

O concelleiro pregunta pola factura de cultura e a de 6.000 € da mercantil *Barreras de Seguridad*.

A concelleira delegada de Cultura, **Vanesa Rodríguez Pereira** di que non se da conta de que é a factura.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** pregúntase como pode ser que vaian facturas do seu departamento e a concelleira delegada non teña visto o expediente.

Finalmente a concelleira explica que a factura é relativa a un pago a AGADIC.

**Sometido o asunto a votación é por oito ( 8 ) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel, tres ( 3 ) votos en contra dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín e seis ( 6 ) abstencións do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos e dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/2015, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 32.374,10 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

**Habilitación: Partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

<b>RESUME XERAL PARTIDAS RC 2/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>			
<b>PARTIDA</b>		<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
130	13001 99	Admón. xeral de seguridade – Horas extraordinarias	735,40 €
130	15000 99	Admón. xeral de seguridade – Produtividade	1.000,00 €
130	15100 99	Admón. xeral de seguridade – Gratificacións	3.496,78 €
130	16008 99	Admón. Xeral de seguridade – Asistencia médico-farmacéutica	440,26 €
132	21300 99	Seguridade e orde publica – Maquinaria, instalacións e utillaxe	359,37 €
132	21400 99	Seguridade e orde pública - Material de transporte	260,21 €
132	62901 99	Seguridade e orde pública – Outros investimentos	6.006,49 €
150	13001 99	Admón. Xeral urbanismo,... – Horas extraordinarias	462,68 €
150	16008 99	Admón. Xeral urbanismo,... – Asistencia médico-farmacéutica	101,70 €
151	21000 99	Urbanismo – Infraestrutura e bs. naturais	2.115,03 €
151	22502 99	Urbanismo – Tributos das entidades locais	21,32 €
151	22799 99	Urbanismo – outros traballos	526,35 €
1621	16008 99	Recollida de residuos – Asistencia médico-farmacéutica	147,50 €
1621	22700 99	Recollida de residuos – Limpeza e aseo	2.261,22 €
170	22799 99	Admón. Xeral do Medio Ambiente – outros traballos	1.000,00 €
221	22799 99	Outras prestacións a favor empregados – outros traballos	685,34 €
231	22799 99	Asistencia social primaria – outros traballos	395,35 €
241	21300 99	Fomento do emprego – Maquinaria, Instalacións e utillaxe	62,44 €
323	22502 99	Ensino preescolar e primaria – Tributos das entidades locais	382,04 €
326	21300 99	Servizos complementarios educación – Maquinaria, Instalacións,..	148,31 €
3321	22000 99	Bibliotecas públicas – Ordinario non inventariable	120,12 €
334	21300 99	Promoción cultural – Maquinaria, instalacións e utillaxe	247,08 €
334	22609 99	Promoción cultural – Actividades culturais e deportivas	2.751,01 €
334	22699 99	Promoción cultural – Outros gastos diversos	75,75 €
336	22706 99	Patrimonio artístico – Estudos e traballos técnicos	217,80 €
341	22300 99	Deportes – transportes	500,00 €
4312	16008 99	Mercados de abastos,... – Asistencia medico-farmacéutica	55,84 €
4312	22502 99	Mercados de abastos,... – Tributos das entidades locais	205,65 €
454	21000 99	Camiños veciñais – Infraestrutura e bs naturais	322,34 €
491	21300 99	Sociedade da información – Maquinaria, instalacións e utillaxe	1.662,54 €
920	15000 99	Administración xeral – Produtividade	500,00 €
920	16008 99	Administración xeral – Asistencia Médico-farmacéutica	137,11 €



<b>RESUME XERAL PARTIDAS RC 2/2015 – CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>				
<b>PARTIDA</b>			<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
920	22000	99	Administración xeral – ordinario non inventariable	16,84 €
920	22502	99	Administración xeral – Tributos das entidades locais	34,06 €
920	22604	99	Administración xeral – Xurídicos, contenciosos	2.798,97 €
920	22706	99	Administración xeral – Estudos e traballos técnicos	557,14 €
920	23303	99	Administración xeral – outras indemnizacións (tribunais)	624,10 €
931	15000	99	Política económica e fiscal – Produtividade	906,41 €
931	16008	99	Política económica e fiscal – Asistencia médico-farmacéutica	33,55 €
			<b>TOTAL</b>	<b>32.374,10 €</b>

**TOTAL****(HABILITACIÓNS.....32.374,10 €**

II- FINANCIAMENTO: Remanente de tesourería para gastos xerais:

<b>PARTIDA</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
870 00	Remanente de tesourería para gastos xerais.	32.374,10 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>32.374,10 €</b>

## III) RESUMEN:

<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
1.-Total crédito extraordinario .....	32.374,10 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	32.374,10 €
3.- Financiación igual a habilitación.....	<b>32.374,10 €</b>

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 2/2015), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**6º.-DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE APROBACIÓN DE BONIFICACIÓNS DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

A Secretaria da lectura ao ditame que obra no expediente e que literalmente di:

**PROPOSTA DE ALCALDÍA.**

*Vistas as solicitudes realizadas por Don Pascual L. Lopez Buesa, por Dona Monica Bugarín Gómez en representación da Casa da Xuventude e por Dona Noelia Montes García; de bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

*Visto que o art. 7.2 a) 1 da Ordenanza fiscal do ICIO do Concello de Tui recolle a bonificación do 50% da cota do imposto das obras que se realicen no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integrada do Conxunto Histórico do Concello de Tui.*

*Considerando que o artigo 7.3 da citada ordenanza, en consonancia co artigo 103.2a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispoñen que é o Pleno Corporativo o órgano competente para resolver acerca da citada bonificación, polo voto favorable da **maioría simple** dos seus membros.*

*Vistos os informes emitidos por Tesourería de data 05/03/2015.*

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía-Presidencia no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Conceder a Don Pascual L. Lopez Buesa a bonificación do 50% do ICIO correspondente á obra maior; “rehabilitación de vivenda unifamiliar” do inmovible sito na rúa Cuenca nº 51.*

*Conceder a Dona Monica Bugarin Gómez, en representación da Casa da Xuventude a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras menores: “obras de conservación e mantemento, consistentes en mantemento de xardín” e “obras de conservación e mantemento, consistentes en mantemento e cambio de ventás” do inmovible sito na rúa Sanz nº 28.*

*Conceder a Dona Noelia Montes García a bonificación do 50% do ICIO correspondente á obra maior; “rehabilitación de vivenda unifamiliar” do inmovible sito na canella do Ouro nº 11.*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo ós interesados e á Tesourería do Concello.*

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que votarán a favor, aínda que di que é un imposto potestativo e que deberían suprimilo.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que o seu grupo tamén votará a favor e aos cidadáns tamén lles gustaría saber cando se vai aprobar o PEPCHA de forma definitiva.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que, falando de rehabilitación de vivendas sería convinte que o alcalde explicase porqué Tui non aparece no convenio de rehabilitación de 450 vivendas de Galicia.



O **Alcalde** di que teñen solicitado un informe aos técnicos da Oficina de Rehabilitación e que logo lle fará entrega dunha copia.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** indica que van a votar a favor, pero tamén lles gustaría saber para cando se ten prevista a aprobación do Plan especial do conxunto histórico.

O **Alcalde** di que tivo unha reunión co conselleiro de Cultura sobre o tema e que están con el os funcionarios.

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Don Pascual L. Lopez Buesa a bonificación do 50% do ICIO correspondente á obra maior; “rehabilitación de vivenda unifamiliar” do inmovible sito na rúa Cuenca nº 51.

Conceder a Dona Monica Bugarin Gómez, en representación da Casa da Xuventude a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras menores: “obras de conservación e mantemento, consistentes en mantemento de xardín” e “obras de conservación e mantemento, consistentes en mantemento e cambio de ventás” do inmovible sito na rúa Sanz nº 28.

Conceder a Dona Noelia Montes García a bonificación do 50% do ICIO correspondente á obra maior; “rehabilitación de vivenda unifamiliar” do inmovible sito na canella do Ouro nº 11.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ós interesados e á Tesourería do Concello.

**7º.- CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO:**

**7.1. Disposicións de interese.**

**POLA PRESENTE DASE CONTA O PLENO ORDINARIO DAS SUBVENCIÓNS E DISPOSICIÓNS DE INTERESE DOS MESES DE FEBREIRO E MARZO 2015.**

**DISPOSICIÓNS:**

ORDE 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos **programas mixtos de emprego e formación da CCAA de Galicia** dirixidos a mellorar a empregabilidade, a calificación e a inserción profesional dos xoves incluídos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da CCAA de Galicia, e se procede a su convocatoria para o ano 2015. DOG 27.01.2015

ORDE do 28 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a **adxudicación de equipamentos de emerxencias**, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013. DOG 30.01.2015

ORDE do 6 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a **adxudicación de vehículos e motocicletas a concellos de menos**

**de 50.000 habitantes**, que contén con corpo de policía local, en réxime de concorrència competitiva, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder- Galicia 2007-2013. DOG 30,9.02.2015

RESOLUCIÓN do 2 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2015, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. DOG 06.03.2015

Modificación das bases reguladoras do Plan provincial de obras e servizos 2015 (PPOS/15), pola que se concede prazo para presentar novas proposta de investimento .BOP 41, 02.03.2015

Resolución 6 marzo 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en rexime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural,cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural -FEADER, no marco do PDR Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o ano 2015. DOG 53, 19.03.2015

## **RESOLUCIÓNS:**

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de data 06.02.2015 pola que se concede unha subvención o Concello de Tui por un importe de **125.456,40.-€** para a contratación laboral de 30 traballadores desempregados por un período de 6 meses dentro do **Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015** para levar a cabo traballos de interese xeral e social .

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de data 06.03.2015 pola que se adjudica o Concello de Tui unha bolsa dentro do **Plan de prácticas laborais 2015** dun diplomado en turismo por importe de **800 €/mes**, por un período de 6 meses prorrogable.

Proposta resolución provisional da Axencia de Turismo de Galicia de data 04.03.2015, pola que se concede unha subvención por importe de 3.500.-€para a o apoio e promoción das **“Festas patronais de San Telmo “ declaradas de interese turístico de Galicia.**

### **7.2. Dación de conta das Resolucións de Alcaldía dende o último pleno ordinario.**

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía dende o último pleno ordinario.

**7.3. Dación de conta do período medio de pago global a provedores do cuarto trimestre do exercicio 2014, en cumprimento do establecido no Real Decreto 635/2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e condicións e procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.**

Dáse conta do período medio de pago global a provedores do cuarto trimestre do exercicio 2014, en cumprimento do establecido no Real Decreto 635/2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e condicións e



procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**7.4.Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo correspondente ao período 2016-2018, elaborado ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.**

Dáse conta do Plan Orzamentario a medio prazo correspondente ao período 2016-2018, elaborado ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**7.5.Dación de conta do informe trimestral de intervención de cumprimento das obrigas trimestrais de subministración de información da Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, correspondente ao cuarto trimestre de 2014.**

Dáse conta do informe trimestral de intervención de cumprimento das obrigas trimestrais de subministración de información da Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, correspondente ao cuarto trimestre de 2014.

**7.6.Dación de conta do informe trimestral correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2014, elaborados conforme a Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de Julio, de Medidas de loita contra a morosidade.**

Dáse conta do informe trimestral correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2014, elaborados conforme a Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de Julio, de Medidas de loita contra a morosidade

**7.7. Mocións.**

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** da lectura a unha moción sobre a creación dun hospital transfronteirizo, que literalmente di:

***POR UN HOSPITAL TRANSFRONTEIRIZO DO MIÑO***

*Pleno 26/03/2015*

*Dado que:*

- O Baixo Miño galego e o Vale de Minho portugués carecen dun hospital propio os, portugueses teñen que ir a Viana do Castelo e os galegos a Vigo.*
- Un hospital transfronteirizo que atendese a estas dúas comarcas miñotas suporía unha mellora na atención sanitaria ás nosas poboacións.*
- O caso do hospital transfronteirizo de Piugcerdá (que da servizo a pacientes franceses e cataláns da zona da Cerdanya) e que entrou en servizo en setembro do 2014 demostra a viabilidade esta proposta e facilita seguir os seus pasos [www.hcerdanya.eu](http://www.hcerdanya.eu)*
- O hospital da Cerdanya supuxo un investimento de 31 millóns de euros para atender a unha poboación fixa de 33.000 habitantes, o Baixo Miño (Tui, Tomiño, O Rosal, A Guardia e Oia)*

*e o Vale do Minho (Valença, Monção, Melgaço, Vila Nova de Cerveira e Paredes de Coura) contamos cuns 100.000 habitantes, aproximadamente o triple.*

*Converxencia 21 de Tui propón:*

*-Que o concello de Tui e o de Valença se poñan en contacto cos concellos galegos e portugueses aos que o novo hospital daría servizo para recabar o seu apoio.*

*-Que o concello de Tui se poña en contacto co Hospital Cerdanya para asesorarse sobre os pasos a dar.*

*-Que os concellos promotores se poñan en contacto coas autoridades sanitarias galegas e portuguesas e coa eurorexión Galiza-Norte de Portugal para iniciar os trámites para a construción dun hospital transfronteirizo cofinanciado con fondos FEDER, o hospital de Puigcerdá foi financiado nun 60% por fondos FEDER.*

*-Que o concello de Tui disponibilice os terreos para a construción do hospital.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

De seguido ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** quen di que cre que está ben que se presenten mocións, pero se en catro anos o equipo de goberno non fixo nada, dubida que en dous meses o fagan xa; ademais cre que a moción debería ir acompañada dun estudo, porque calquera outra cousa considera que é un brindis ao sol. O concelleiro di que Puigcerdá está no Pirineo e as poboacións están a moita distancia unhas das outras, unha realidade alonxada do que sucede no Baixo Miño, ademais de que xa custou bastante o hospital de Vigo para poñerse con outro. Polo tanto o concelleiro pide ao concelleiro Carlos Vázquez Padín que inclúa esa iniciativa no seu programa electoral e que os veciños decidan.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que dende o PSdG-PSOE queren facer algunhas puntualizacións, entre outras cousas que cren que a moción debería ser presentada con mais antelación; ademais di que a moción non fai mención ao tema da situación do hipotético hospital o que case considera mellor vendo o que se montou co tema da situación do centro de saúde. O concelleiro di que viviu en Cataluña e dende esa zona do Pirineo a Girona hai case catro horas en tren e as primeiras medidas para ese hospital comezaron no ano 1994, pero non cre que sexa un caso comparable ao do Baixo Miño. Considera que é un tema complexo e longo no tempo, unha idea interesante, pero falando dende o rigor e co hospital de Vigo ao lado, veo difícil.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que van a votar a favor e quere lembrar que esa idea xa a levaba o seu partido político no programa das eleccións de fai oito anos, nos terreos do viveiro de Areas.

O **Alcalde** di que non cre que sexa o momento de que o concello de Tui se poña con ese tema, á par que agradece ao veciño Rivadulla que teña cedido ao concello o dominio tui.gal

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** cre que é unha proposta ambiciosa, pero non unha proposta utópica, porque xa hai un precedente e é certo que están falando dunha zona moito mais alonxada e tamén que a financiación europea está asociada a proxectos, pero non considera que iso sexa un obstáculo insalvable. Por último di que lle gustaría felicitar ao concelleiro Miguel Capón Rey por ter presentado xa esa iniciativa con anterioridade.





**Sometida a votación a moción a votación é por nove ( 9 ) votos a favor do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín e oito ( 8 ) votos en contra dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel, adoptouse o seguinte ACORDO:**

- Que o concello de Tui e o de Valença se poñan en contacto cos concellos galegos e portugueses aos que o novo hospital daría servizo para recabar o seu apoio.
- Que o concello de Tui se poña en contacto co Hospital Cerdanya para asesorarse sobre os pasos a dar.
- Que os concellos promotores se poñan en contacto coas autoridades sanitarias galegas e portuguesas e coa eurorexión Galiza-Norte de Portugal para iniciar os trámites para a construción dun hospital transfronteirizo cofinanciado con fondos FEDER, o hospital de Puigcerdá foi financiado nun 60% por fondos FEDER.
- Que o concello de Tui disponibilice os terreos para a construción do hospital.

A continuación o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** da lectura a outra moción presentada polo seu grupo político municipal relativa a propostas para a sustentabilidade do conservatorio, que literalmente di:

*PROPOSTAS PARA A SUSTENTABILIDADE FINANCIERA E MELLOR FUNCIONAMIENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL*

*Pleno 26/03/2015*

*Dado que:*

- O conservatorio e a escola de música prestan un servizo moi valorado e que xera unha importante actividade e que por tanto compre manter e desde o concello temos que buscar un duplo obxectivo, conseguir que se manteña o servizo e conseguir que este servizo sexa sustentable financieramente.*
- Ten habido problemas na calidade de ensino como consecuencia da non existencia dunha bolsa de traballo que permita reemplazar as vacantes de profesorado con axilidade.*
- O conservatorio e a escola de música xeran un importante déficit anual que no ano 2014 ascendeu a 224,060,13€. Se dividimos este déficit entre o número de matriculados os contribuintes de Tui teñen que sufragar de media por cada alumno 727 euros anuais.*
- Entre o conservatorio e a Escola de Música hai matriculados 186 alumnos de Tui e 122 doutras localidades galegas e portuguesas e que isto xera un importante custo aos contribuintes tudenses. Se multiplicarmos o número de alumnos non tudenses (122) polo custo unitario de cada alumno non cuberto polas matrículas (727€)  $122 \times 27 = 88.694$  € que sería a cantidade que os contribuintes tudenses sufragamos vía impostos correspondente aos alumnos que non son do noso concello.*
- A administración local non ten responsabilidades educativas segundo a lexislación vixente, por certo, en contra do parecer de C21 que defende en solitario uns concellos fusionados, fortes e autosuficientes que poidan ampliar as súas competencias, tamén a área educativa, a custa das deputacións (que deberían desaparecer), autonomías e estado.*

*Converxencia 21 de Tui propón:*

*-Mancomunar con concellos limítrofes galegos e portugueses o conservatorio de tal maneira que o custo se poida distribuir con maior xustiza.*

*-Buscar patrocinadores privados. Compre apostar polo mecenádego cultural na liña do que se fai nos países máis avanzados.*

*-Facer unha auditoría con respecto á xestión do centro de ensinanzas musicais para asegurarnos de que o diñeiro dos contribuintes e das matrículas está sendo correctamente xestionado.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** cre que CXXI non ten claro se quere ter un conservatorio ou afundilo; o concelleiro di que no conservatorio hai precariedade nos profesores e nos alumnos e o concelleiro Carlos Vázquez Padín sacou a colación o tema co custe por alumno e entón se as cousas son así, están defendendo a privatización de todo ensino. O concelleiro di que ter un conservatorio en Tui é un privilexio e polo tanto cre que deben defendelo, un servizo público que o concelleiro do Grupo mixto pretende privatizar e pídelle que o diga claramente e considera que o conservatorio deben velo como unha inversión e non como un gasto.

**Sendo as 23:01 minutos abandona momentaneamente o salón de plenos o Alcalde, sendo substituído na presidencia polo primeiro tenente de Alcalde, Jose Angel Villaverde Rocha.**

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que lles sorprende esa moción nese momento, máxime coa polémica que hai na actualidade. O concelleiro di que o PSdG-PSOE xa trouxo no seu día unha moción ( da lectura á proposta da dita moción), na que defendían o conservatorio e na que tanto o concelleiro Carlos Vázquez Padín como o concelleiro Marcelino Cendón Vázquez abstivéronse.

**Sendo as 23:04 minutos incorpórase novamente á sesión o Alcalde.**

O concelleiro continúa dicindo que o concelleiro **Marcelino Cendón Vázquez** explicou o seu voto dicindo que o conservatorio é un ben de luxo e o concelleiro Carlos Vázquez Padín felicítouno por facer ese comentario. Ademais cre que ver un servizo público como un ben de luxo non é o correcto e están a favor de medidas, como por exemplo mancomunar o servizo, pero considera que a posición de CXXI é un tanto incongruente con respecto ao que manifestaron no seu día. Quere lembrar tamén que o PSdG-PSOE non comezou a lembrar eses temas nese momento, senón que levan co tema moito tempo e incluso o tema das baixas o comentaron co concelleiro delegado de Persoal, Jose Ángel Villaverde Rocha, en outubro, antes de que todo saíse á opinión pública e polo tanto considera que a proposta do concelleiro Carlos Vázquez Padín é positiva, pero moi oportunista.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que é indubidable a sensibilidade do seu grupo co conservatorio, un conservatorio que, quere recordar, existe grazas ao ex alcalde Gómez Núñez e a el mesmo cando foi alcalde que foron os que empuxaron iso e tamén acordaron que o custe da matrícula sería, exactamente, o custe do conservatorio, pero poñendo en marcha un sistema de becas para os alumnos de Tui, debendo ser becados o resto polos seus concellos. O concelleiro cre que o conservatorio deben mantelo e que deben tamén crear unha bolsa de emprego, se ben é certo tamén que necesita un cambio



de dirección , porque considera que un conservatorio profesional non se ten para unha banda de música, senón para unha orquestra sinfónica, que da a oportunidade de formarse mellor.

O **Alcalde** cre que non é o momento de poñerse coas iniciativas propostas.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que a intervención do concelleiro Laureano Alonso Álvarez estivo chea de chascarrillos e inexactitudes, sobre todo tendo en conta que o conservatorio non forma parte do ensino obrigatorio e non entende como o concelleiro Laureano Alonso Álvarez pon o berro no ceo co tema da taxa do lixo e logo parécelle ben que o conservatorio teña déficit e quere seguir gastando. O concelleiro di que el tamén ten respecto polas familias e os contribuíntes, algo que cre que non ten o concelleiro do BNG. En relación á intervención do concelleiro Enrique Cabaleiro González si é certo que o seu grupo presentou esa moción en novembro, con algúns aspectos que considera positivos, e quizais se equivocou dicindo que están falando dun artigo de luxo, pero cre que estivo ben que o concelleiro Marcelino Cendón Vázquez falase, nese momento do gasto, un tema do que ninguén quere falar. O concelleiro di que el se educou no ensino público e non falou en ningún momento de privatizar, senón que falou de sustentabilidade, sen mais. Ademais quere engadir que as dúas orquestras sinfónicas de Galicia están con déficit e que outra cousa moi distinta é a formación.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que non lle consinte ao concelleiro que diga que usa chascarrillos e que, sen non lle gustan as súas intervencións, non é o seu problema. O concelleiro di que se están a pagar 700 e 800 € de matrícula e pide ao concelleiro Carlos Vázquez Padín que diga que toda a verdade e que o quere é privatizalo.

**Sometida a votación a moción a votación é por nove ( 9 ) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín, catro ( 4 ) votos dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e catro ( 4 ) abstencións do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez e dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos, adoptouse o seguinte ACORDO:**

- Mancomunar con concellos limítrofes galegos e portugueses o conservatorio de tal maneira que o custo se poida distribuir con maior xustiza.
- Buscar patrocinadores privados. Compre apostar polo mecenádego cultural na liña do que se fai nos países máis avanzados.
- Facer unha auditoría con respecto á xestión do centro de ensinanzas musicais para asegurarnos de que o diñeiro dos contribuíntes e das matrículas está sendo correctamente xestionado.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** da lectura a outra moción do seu grupo político municipal relativa á ribeira do Miño, que literalmente di:

*PROPOSTA DE RECUPERACIÓN PARA TODOS OS TUDENSES DA RIBEIRA DO MIÑO*  
*Pleno 26/03/2014*

*Dado que:*

*-Un obxectivo perfectamente alcanzable e ao entender de C21 prioritario é construír un sendeiro, na súa maior parte de terra e xabre, para que o seu custo e mantimento sexa barato e realizable, que percorra toda a ribeira do río Miño desde Caldelas a Areas.*

*-Que para acadar este obxectivo hai dous obstáculos principiais, o río Louro que pode ser salvado coa construción dunha pasarela peonal e as instalacións militares da mariña.*

*-A recuperación para uso civil da ribeira da mariña permitiría crear unha grande praia fluvial no centro de Tui.*

*Converxencia 21 de Tui propón:*

*1.-Determinar as condicións nos que eses terreos foron cedidos ao ministerio de defensa por parte do concello.*

*2.-Dirixirse ao ministerio para establecer un diálogo encamiñado a avaliar alternativas que permitan liberar o paso pola ribeira do río á altura das súas instalacións na mariña co obxectivo de darlle continuidade a un sendeiro de ribeira que una toda a beira tudense do río Miño e poder crear unha grande praia fluvial.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 16 votos) e coa abstención do concelleiro Miguel Capón Rey que non se atopa no salón de sesións no momento da votación.**

O concelleiro **José Martínez Tato** intervén para dicir que hai tempo que pediron un paseo dende Salvaterra e o alcalde díxolles que era moi complicado e por outra banda di que nesa zona si se pide permiso ao exército pódese pasar sen problemas.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que lles parece unha boa idea e van a defender a proposta, xa que cre que todo o que sexa recuperar espazos naturais lles parece bo.

A concelleira **María Fernández García** di que xa dicían noutro pleno que, precisamente, unha das cuestións recollidas no programa do Partido Popular era un paseo, pero non cre que en dous meses sexan capaces de cumprir con ese tema.

O **Alcalde** di que están de acordo co tema da moción.

**Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

1.-Determinar as condicións nos que eses terreos foron cedidos ao ministerio de defensa por parte do concello.

2.-Dirixirse ao ministerio para establecer un diálogo encamiñado a avaliar alternativas que permitan liberar o paso pola ribeira do río á altura das súas instalacións na mariña co obxectivo de darlle continuidade a un sendeiro de ribeira que una toda a beira tudense do río Miño e poder crear unha grande praia fluvial.

O concelleiro José Martínez Tato da lectura a unha moción presentada polo seu grupo político municipal co seguinte teor literal:



## ***MOCIÓN DE URXENCIA PARA O PLENO DE MARZO 2015***

### ***PETICIÓN DE CONCESIÓN DO ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANNA AALIA.***

*A Delegación Saharaui en Galicia e Solidariade Galega co Pobo Saharaui, queremos realizar unha petición a partidos políticos, sindicatos, asociacións, entidades para a petición da concesión de asilo político o activista Hassanna Aalia.*

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, no que se lle comunica a denegación da protección e anúnciaselle a saída obrigatoria do territorio español, dándolle un prazo de 15 días para abandonar o Estado español, pese ao castigo que lle espera e o risco real de ser torturado si regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.*

*Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos nado no Aaiún que solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik.*

*Hassanna estaba nese momento en España, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharauí, senón para estudar cunha beca que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición débense a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso. Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís.*

*Por todo iso, proponse ao Pleno do Concello de Tui a aprobación do seguinte acordo:*

- 1. Esixir ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharaui recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.*
- 2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** considera que é unha boa iniciativa e di que vai apoiar a proposta.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que apoia a proposta e recorda que o concello de Tui foi pioneiro en traer a nenos saharauís a Tui.

**Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

- 1. Esixir ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharaui recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.*
- 2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto*

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** da lectura á seguinte moción:

*“ Instar ao Pleno da Corporación a que se pronuncie favorablemente a que o concello se reúna cos veciños de Baldráns, para tratar o tema do cemiterio”.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que el tiña un rogo similar.

**Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

Que o concello se reúna cos veciños de Baldráns, para tratar o tema do cemiterio.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** indica que vai a presentar unha moción *in voce*, que é a que segue:

*“Instar ao Alcalde ao cese do concelleiro Angel Gutiérrez González no exercicio das súas funcións polas incorreccións cometidas coas facturas incluídas no recoñecemento extraxudicial de créditos”.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que a petición está ben, pero cre que debería ser mais ambiciosa e ir dirixida a todo o equipo de goberno.

O concelleiro **Antonio Castro Negro** intervén para dicirlle ao concelleiro Laureano Alonso Álvarez que se mire o seu propio embigo.

**Sometida a votación a moción a votación é por nove ( 9 ) votos a favor do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín e oito ( 8 ) votos en contra dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel, adoptouse o seguinte ACORDO:**

Instar ao Alcalde ao cese do concelleiro Angel Gutiérrez González no exercicio das súas funcións polas incorreccións cometidas coas facturas incluídas no recoñecemento extraxudicial de créditos.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** presenta, de seguido, outra moción *in voce* co seguinte contido:

*“ Instar ao Alcalde que cese ao concelleiro Manuel González Vázquez por usar medios municipais para a súa campaña electoral, así como recibir aos pedáneos, cando son representantes do Alcalde”.*



Ademais que di que outro dos motivos é que se temen que aparecerán mais facturas como as dese día, nos vindeiros dous meses.

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

**Sometida a votación a moción a votación é por nove ( 9 ) votos a favor do concelleiro do PP, Marcelino Cendón Vázquez, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín e oito ( 8 ) votos en contra dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Antonio Castro Negro e Raquel Lorenzo Pimentel, adoptouse o seguinte ACORDO:**

Instar ao Alcalde que cese ao concelleiro Manuel González Vázquez por usar medios municipais para a súa campaña electoral, así como recibir aos pedáneos, cando son representantes do Alcalde.

De seguido a concelleira **Carmen Paula Gómez Pérez** da lectura a unha moción presentada polo seu grupo político municipal relativa ao plan de transporte metropolitano, cuxo teor literal é o que segue:

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 17 votos).**

O **Alcalde** di que el proporía incluír a todo o Baixo Miiño.

Sometida a votación a emenda proposta polo Alcalde é aprobada

**Sendo as 23:49 minutos abandona a sesión a concelleira María Fernández García.**

O concelleiro Carlos Vázquez Padín considera que é un tema interesante e a explorar.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que hai que ter coidado con incluír a todo o Baixo Miño, xa que ao resto de concellos podería molestalos e non piden tampouco a pertenza á Area Metropolitana, senón so a adhesión ao Plan de transporte, como xa fixo tamén o concello de Pontareas.

O **Alcalde** di que están de acordo e defenden o plan.

De seguido o **Alcalde** da lectura a unha moción de apoio á Cámara de Comercio de Tui:

*“ Tendo coñecemento de que a Cámara de Comercio, cos seus propios medios ten desenrolado un Plan estratéxico con un novo enfoque nas súas actividades e servizos que pasa pola reubicación da súa sede no Edificio da Antiga Aduana de Tui, un inmovible cunha privilexiada situación transfronteiriza, decisión consensuada co Concello e á que se ten prestado todo o apoio, renunciando á cesión de usos do edificio en favor da súa continuidade e en apoio ao desafío que supón esta nova etapa que permitirá consolidar os seus retos principais: a representatividade institucional e territorial e a súa viabilidade económica, PROPOÑO*

*O apoio do Pleno da Corporación á Cámara de Comercio de Tui nesta nova etapa.*

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 16 votos).**

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que as cámaras están nunha situación complicada, xa que non teñen agora as cotas coercitivas, que si tiñan antes e a verdade é que lle resulta chocante que as tres mais potentes se fusionen e a de Tui que é mais pequena quede fora, di que lle ve un reto duro e complicado e ten certas dúbidas do que poda pasar.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** indica que ten unha emenda e é que se dirixan a todos os concellos do Baixo Miño, para que apoiem este tema.

**Sometida a votación a emenda é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 16 votos).**

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 16 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

O apoio do Pleno da Corporación á Cámara de Comercio de Tui nesta nova etapa.

#### **7.8. Rogos e preguntas.**

O concelleiro **Miguel Capón Rey** pide intervir en primeiro lugar, xa que ten que marchar.

O concelleiro di que hai unha resposta pendente a seis solicitudes de Alternativa Tudense.

O **Alcalde** di que ten a unha funcionaria so con ese tema, para poderlle contestar.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** pide que se amplíe o paso de peóns do colexio número 1, pasando a polo en oblicuo e así que coincida coa saída e entrada do colexio e tamén que se pinte o paso de peóns en Calvo Sotelo, á altura da farmacia Areses.

Por último o concelleiro roga, por enésima vez, que se faga algo co aparcamento da Área Panorámica e se poña unha dirección de circulación única.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- O cemiterio de Baldráns inaugurouse no 1982 e foi construído polos viciños sobre un terreo que foi cedido por 30 anos ao bispado, cesión que finalizou en 2012, na actualidade figura no inventario como de propiedade municipal, teno visitado unha comisión da parroquia para tratar este asunto á que vostede non atende, que pensa facer ao respecto deste cemiterio?.

O Alcalde di que xa houbo varias reunións, en concreto cos concelleiros Marcelino Cendón Vázquez e Jose Angel Villaverde Rocha e se buscou a documentación para ver que enfoque darlle, porque o cemiterio é, nesas intres, do concello e polo tanto haberá que ver de chegar a un acordo.

2.- Ten reservado o concello o dominio tui.gal? como leva a negociación da cesión do dominio público tui.es coa empresa de viaxes Tui?.

O Alcalde di que si está reservado e ten a xustificación.





**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

---

Sendo as 00:00 horas e en cumprimento do principio de unidade de acto a Secretaria advirte que deben rematar a sesión, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

---